



PROPOSTAS PARA A PLANIFICACIÓN DO ARBORADO URBANO

Queremos escomenzar cunhas verbas extraídas do libro “Arboles en la ciudad, Fundamentos de una política ambiental basada en el arbolado urbano”. MOPT 1992.

“No hay duda que una política de fomento del arbolado contribuirá a mejorar la calidad ambiental de las ciudades y a aumentar el bienestar de sus habitantes. Debemos esforzarnos, pues, no sólo en defender y mantener los árboles existentes, sino también en crear nuevos espacios arbolados, forestar los alrededores de las ciudades y restaurar las riberas de ríos y costas”

S.M. la Reina de España.

CONSIDERACIÓNS

- a) Non hai ningunha razón técnica, biolóxica nen ecolóxica que xustifiquen as derramas ou as podas brutais das árbores, que salvo casos extremos, non son aceptables en ningunha situación.
- b) As árbores son un ben social e cultural que contribúen a dar persoalidade e calidade de vida ás vilas de pobos que os prantan e coidan.
- c) O arborado nos núcleos urbáns supón unha prolongación da natureza e unha posibilidade formativa e educacional de primeira orde, tanto para os escolares como para o resto de cidadáns.

PROPOSTAS

- Definir, en base a cada parque ou unidade de arborado, os volumes de arborado axeitados en base á visibilidade e sombra que proporcionan as especies prantadas unha vez alcanzada a madurez. Non existen os mesmos plantexamentos para unha beirarúa que para un xardín ou un parque.
- Elección de especies que fagan innecesaria a poda sistemática, só como profilaxe ou acondicionamento puntual. Os plátanos son especies de sombra de grande desenvolvemento, polo que non deben ser prantadas coa idea de ser podados.

Sociedade Galega de Historia Natural

- Non empregar especies con partes tóxicas. En moitos parques frecuentados por nenos abundan adelfas (*Nerium oleander*) e os teixos (*Taxus baccata*).
- Non abusar de especies alerxénicas, caso da oliveira (*Olea europaea*) e bidueiras (*Betula sp*)
Unha vez definidas as árbores para cada zona, hainas que respectar.
- Hay especies moi axeitadas para xardíns pero nas beirarúas as súas follas ou froes, poden ocasionar resbalóns ós peóns, como é o caso da flor do camelia (*Camellia japonica*).
- As especies elixidas para colocar nas beirarúas deben permiti-lo paso cómodo dos viandantes e non actuar de barreiras para xentes con minusvalías ou con carriños de nenos.
- As beiras das gaviás e beirarúas deben estar á unha distancia que asegure que non deformarán a base da árbore na súa madurez.
- Na prantación dun conxunto de árbores, buscar unha distribución destes o máis próxima posible ó NE-SO para mellorar a insolación no inverno.
- As entradas ás poboacións son lugares axeitados para a prantación de avenidas de árbores de alto porte, xa que suavizan as formas do perfil urbán e dan carácter ós lugares.
- Controlar anualmente as guías, tutores e proteccións das árbores para evitar e corrixir danos (erosión da codia, estrangulamento...).
- Colocar proteccións eficaces arredor das árbores próximas a aparcamentos ou zonas de circulación.
- Prever e evitar a compactación do solo así como favorecer unha drenaxe axeitada a cada especie.

- No referente á poda:

A poda ten un fin: eliminar pólas enfermas, crear conxuntos decorativos, etc. Cada

árbore ten unha poda específica e nalgúns casos está desaconsellado (cítricos e camelios por exemplo).

Para guiar as pólas non se precisa cortar completamente a copa das árbores, pois existen métodos suficientes para axeitar o medramento das árbores (aclaramento, acortamento de pólas, eliminación selectiva de pólas, etc.)

ANEXO

Allen, K. (1986) *Poda de árbores ornamentales*.

Real Jardín Botánico. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid.

"A redución drástica da copa das árbores, chamada tamén derrama, terciado ou descabezamento (se só se reduce a parte superior da copa) é extremadamente prexudicial e debe considerarse só como o derradeiro recurso, ou como medida provisional previa á eliminación completa da árbore e a súa substitución por outra. Cando se reduce drasticamente a copa dunha árbore, supondo que se trate dunha especie que o pode soportar, orixínanse os seguintes problemas:

Apodrecemento da madeira.

Como os cortes serán grandes, iníciase o apodrecemento casi con seguridade. A árbore, polo tanto, terá unha estrutura débil en anos sucesivos. O apodrecemento faise ás veces tan extenso que co tempo chega a invadir tamén a parte inferior do tronco. O número relativamente grande de troncos apodrecidos e ocos nas árbores urbanas débese con frecuencia a que as súas copas foron repetidamente reducidas de xeito drástico ó longo dos anos.

Crecedemento de emerxencia e debilitamento da estrutura.

Logo dunha poda tan drástica, os novos brotes da árbore medrarán dun xeito anormal, como resultado dunha reacción de emerxencia. Esta forma de crecedemento orixina unha nova estrutura sen resistencia e vulnerable diante da forza das tormentas: as novas guías son longas e delgadas, e amosan tal preponderancia de peso foliar concentrado nos seus extremos que son perigosamente susceptibles de esgazar co mal tempo. A forma de crecedemento natural dunha árbore ornamental, por suposto, é bastante distinta: as guías centrais teñen maior diámetro en proporción á súa lonxitude, e as pólas laterais non saen só dos seus extremos,

senón tamén das súas partes baixas, distribuíndo o peso das follas máis homoxeneamente por toda a árbore.

Insolación e secado da codia e do cambium.

Cando a codia e o cambium están adaptados á protección da follaxe da copa, a súa repentina exposición directa ó sol dá lugar con frecuencia a que se queimen, sequen e morran as partes máis gravemente afectadas.

Debilitamento do sistema radicular.

A redución drástica da copa ocasiona na árbore un desequilibrio entre a superficie foliar e a superficie radicular. Non hai suficientes follas para producir, ó traveso da fotosíntese, os alimentos necesarios para un sistema radicular tan extenso e, como consecuencia, as raizames comezan en moitos casos a debilitarse e secarse polos extremos.

Insuficiente almacenamento de substancias de reserva.

Coa eliminación de tanta superficie foliar, orixínase tamén o problema de que non se producen suficientes alimentos para o seu almacenamento no sistema radicular. Cando chega a primavera seguinte non hai, ás veces, reservas suficientes para iniciar debidamente a nova gromación, de xeito que a árbore debilítase aínda máis.

Estética.

A redución drástica da copa dunha árbore é case sempre un desastre estético. Pérdese a gracia natural da árbore. Tardará anos ata que a árbore recobre unha parte da súa beleza natural. E xamais recobrará esa beleza por completo; a súa futura forma de crecemento levará sempre as marcas e cicatrices do pasado trauma. Esta perda estética pode minimizarse considerablemente coa subseguinte aplicación de técnicas correctoras de poda, pero case nunca pode recuperarse por completo".